


# Ribeira Sacra

Terra de tesouros,  
terra de viño



## UN ACHADO ESCASO


---

### Ribeira Sacra

---

Os recendentes viños da Ribeira Sacra son o froito conxugado pola súa ubicación nas escarpadas e soleadas ribeiras dos ríos Miño, Sil e os seus afluentes cunha selección polo miúdo das mellores variedades de uvas -a señorial Mencía e as delicadas Albariño, Godello e Treixadura- realizada con mimo e esmero por mans expertas, capaces de extraer a unhas cepas perfectamente axeitadas ás esixencias dun terreo abrupto, uns viños excelentes e de gran personalidade.

Viños elaborados cunha tradición de máis de 2.000 anos, sabiamente axeitada polo paso do tempo para lograr un equilibrio de recendos inigualable.



## UN TESOURO BEN AGOCHADO

---

### Ribeira Sacra

---

Tódala produción da D.O. Ribeira Sacra está sometida ós controis do Consello Regulador, estrictos e feitos polo miúdo. Estes exames son feitos co gallo de garantir, en todo momento, a calidade e a orixe dos nosos viños, proporcionando ó consumidor a seguridade de degustar, en cada botella, o máis refinado gusto do sangue da terra.



# ÚNICA EN SABOR

## Ribeira Sacra


O Consello Regulador define unha serie de normas e parámetros a cumprir por tódolos viños acollidos á Denominación de Orixe. Estas normas aseguran unha constancia na calidade e a existencia duns matices propios da D.O., que ó tempo conservan a personalidade indiscutible de cada un dos viños da Ribeira Sacra.



# UNHA TERRA NOBRE

## Ribeira Sacra

Os viñedos da D.O. Ribeira Sacra medran sobre socalcos recostados ó abeiro dos ríos e baixo a tutela de antigas fragas, ancestrais ermidas e mosteiros románicos, que gardan nun halo de misterio todo o saber e a historia desta terra. Unha terra serena, tranquila e un clima amable, que invita ó recoillemento e a disfrutar da súa sorprendente beleza artística e natural, coa inestimable compañía das exquisiteces dun bo viño.



# RIQUEZA DE PADAIS

## Ribeira Sacra

As carnes, o peixe, os mariscos e as múltiples variedades culinarias desta terra convértense nunha auténtica festa gastronómica cando se mesturan coas excelencias dos nosos viños, de delicados recendos afroitados, fondos taninos e cunha persistencia alongada en padal.



### TIPOS DE VIÑO RIBEIRA SACRA

#### BRANCOS NOVOS

*Monovarietal:* elaborados co 100% de uvas procedentes de cada unha das variedades Godello, Albariño ou Treixadura.

*Plurivarietal:* elaborado co 50% de uvas procedentes das variedades Godello, Albariño ou Treixadura e o 50% restante con outras variedades preferentes.

#### TINTOS NOVOS

*Mencia:* elaborado co 100% de uvas procedentes da variedade Mencia.

*Plurivarietal:* elaborado co 80% de uvas procedentes da variedade Mencia e o 40% restante con outras variedades preferentes.

### TIPOS DE VIÑO RIBEIRA SACRA

#### BLANCOS JÓVENES

*Monovarietal:* elaborados con el 100% de uvas procedentes de cada una de las variedades Godello, Albariño o Treixadura.

*Plurivarietal:* elaborado con el 50% de uvas procedentes de las variedades Godello, Albariño o Treixadura y el 50% restante con otras variedades preferentes.

#### TINTOS JÓVENES

*Mencia:* elaborado con el 100% de uvas procedentes de la variedad Mencia.

*Plurivarietal:* elaborado con el 80% de uvas procedentes de la variedad Mencia y el 40% restante con otras variedades preferentes.

### VARIETADES PREFERENTES

#### VARIETADES PREFERENTES

Tintas / Tintas	Mencia	Branças / Blancas	Godello
	Brancellao		Albariño
	Merenzaio		Treixadura
			Loureira
			Dona Branca
			Torrortés